Nestes casos o custo de urbanización das zonas libres públicas de cesión intégrase nos custos xerais de urbanización de cada polígono.

- Reurbanización e infraestruturas nos núcleos rurais.

Comprende as actuacións de reurbanización superficial do viario dos núcleos rurais así como o progresivo complemento da implantación dos servizos de infraestruturas básicas de abastecemento de auga e saneamento para a súa incorporación ás redes de servizos municipais.

O custo das actuacións de infraestruturación será financiado polo Concello e a Deputación Provincial en proporción de 40%-60%.

O custo das actuacións de reurbanización superficial será financiado polo Concello e a Deputación Provincial, prevéndose unha participación dos particulares para a incorporación das actuacións nos programas operativos do Organismo Provincial. A inversión total por parte dos particulares nos núcleos acada un 20% do total da inversión de reurbanización.

## **Nova urbanización.**

### - Polígonos:

As actuacións previstas nos polígonos de xestión teñen o carácter de actuacións unitarias de completamento, reforma ou renovación da trama urbana, con ocupación “ex novo” de espazos intersticiais ou de remate, nas cales o investimento en urbanización están directamente vinculadas aos aproveitamentos urbanísticos que xera o Plan; constitúen polo tanto, non só ámbitos definidos para a execución unitaria senón tamén ámbitos capaces de posibilitar a distribución de cargas e beneficios do planeamento no seu interior.

Reúnen, en consecuencia, todas as condicións necesarias para facer posible a cumprimentación das obrigas que son esixibles aos propietarios do solo urbano, de conformidade co establecido no artigo 132 da LOUG, entre as que se atopa o financiamento dos custos de urbanización.



### 6.3.3. Financiamento asignado a cada un dos axentes investidores

A aplicación dos criterios de asignación, pormenorizadamente expostos no apartado anterior, recóllese, operación a operación nos cadros seguintes, para as actuacións preferentes; que son as que constitúen a base da programación temporal de execución do Plan (8 anos).

#### **Asignación a axentes investidores.**

##### A. Sistema Xeral Viario.

VIARIO	CUSTO TOTAL (MILES EUROS)	DISTRIBUCIÓN DO INVESTIMENTO (MILES EUROS)			
		Admón. Central total	Xunta total	Deputación total	Concello total
Autovía Transcantábrica	(1)	(1)			
Acondicionamento e travesías rede complementaria LU-124	9.090,00		9.090,00		
Mellora das restantes estradas autonómicas	935,19		935,19		
Mellora das estradas da Deputación	549,87			549,87	
Mellora 030-034	264,40			132,20	132,20
<b>TOTAL INVESTIMENTO</b>	<b>10.839,47</b>	<b>(1)</b>	<b>10.025,19</b>	<b>682,07</b>	<b>132,20</b>

(1) En execución (rematada 2014)

##### B. Sistema Xeral de Infraestruturas.

ACTUACIÓN	CUSTO TOTAL (MILES EUROS)	DISTRIBUCIÓN DO INVESTIMENTO			
		Xunta total	Deputación total	Concello total	Axentes urbanizadores total
Mellora da captación e implantación das ETAP	985,12	985,12	0,00	0,00	0,00
Arteria principal da Cidade. Nova implantación e ampliación da sección da existente	428,93	257,36	85,79	0,00	85,79
Adaptación e ampliación Edar Valiñadares	134,01	134,01	0,00	0,00	0,00
EDAR compacta e colectores principais A Recadieira	150,00	150,00	0,00	0,00	0,00
<b>TOTAL INVESTIMENTO</b>	<b>1.698,05</b>	<b>1.526,48</b>	<b>85,79</b>	<b>0,00</b>	<b>85,79</b>

##### C. Sistema Xeral de Zonas Verdes e Equipamentos.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	OBTENCIÓN DO SOLO	CUSTO TOTAL (MILES EUROS)	DISTRIBUCIÓN DO INVESTIMENTO		
				Xunta total	Deputación total	Concello total
ZV-05	Parque lineal do Valiñadares	Expropiación	275,32	70,42	52,81	152,09
ZV-07	Parque do Castro	Expropiación	875,07	285,60	214,20	375,26
DEP-01	Ampliación zona deportiva Viñas da Veiga	Expropiación	433,74	0,00	0,00	433,74
<b>TOTAL INVESTIMENTO</b>			<b>1.584,13</b>	<b>356,02</b>	<b>267,02</b>	<b>961,09</b>

**Asignación a axentes investidores das intervencións de reurbanización e sistemas locais.**

**A. Aperturas e ampliación do sistema local viario.**

	ACTUACIÓN	SITUACIÓN OBTENCIÓN DO SOLO	CUSTO TOTAL (MILES EUROS)	DISTRIBUCIÓN DO INVESTIMENTO	
				Axentes urbanizadores total	
Apertura ao nordeste do CEIP Álvaro Cunqueiro		Polígono xestión	298,45	298,45	
<b>TOTAL INVESTIMENTO</b>			<b>298,45</b>	<b>298,45</b>	

**B. Espazos Libres, Zonas Verdes e Dotacións Públicas de Sistema Local.**

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	OBTENCIÓN DO SOLO	CUSTO TOTAL (MILES EUROS)	DISTRIBUCIÓN DO INVESTIMENTO	
				Concello total	Axentes urbanizadores total
ZL-19	Praza da Urb. en Viñas da Veiga	Dispoñible	40,43	24,26	16,17
ZL-20	Zona libre Avda. de Eladio Lorenzo - Estación de Autobuses	Cesión	(1)		(1)
ZL-23	Zonas libres Rúa de Vilalba P.4	Cesión	(1)		(1)
ZL-24	Zona libre esquina Bos Aires - San Lorenzo P.6	Cesión	(1)		(1)
ZL-27	Zona libre prolongación Rúa Vilalba P.2	Cesión	(1)		(1)
RE-11	Res. Eq. Rúa Vilalba P.4	Cesión	(1)		(1)
RE-12	Res. Eq. Variante Rúa Vilalba P.2	Cesión	(1)		(1)
RE-13	Res. Eq. Alcántara P.3	Cesión	(1)		(1)
<b>TOTAL INVESTIMENTO</b>			<b>40,43</b>	<b>24,26</b>	<b>16,17</b>

(1) Avaliado no seu instrumento de desenvolvemento ou polígono.

## Asignación a inversores de nova urbanización.

### A. Polígonos en Solo Urbano Non Consolidado.

POLÍGONOS E PERI	SITUACIÓN	CUSTO TOTAL (MILES EUROS)	Axentes urbanizadores total
DISTRITO CIDADE			
P.2	Prolongación Rúa Vilalba	503,67	503,67
P.3	Rúa Alcántara	113,05	113,05
P.4	Cuarteiro Vilalba - Pumar	436,44	436,44
P.6	Esquina Bos Aires - Eladio Lorenzo	249,97	249,97
<b>TOTAL INVESTIMENTO</b>		<b>1.303,13</b>	<b>1.303,13</b>

### B. Actuacións de Reurbanización e Infraestruturación dos núcleos rurais.

	CUSTO TOTAL (MILES EUROS)	DISTRIBUCIÓN DA INVESTIMENTO		
		Deputación total	Concello total	Privados
<b>TOTAL INVESTIMENTO</b>	<b>384,04</b>	<b>190,87</b>	<b>153,61</b>	<b>39,56</b>

## Resumo da asignación a axentes investidores.

CONCEPTO	ORZAMENTO (MILES EUROS)	DISTRIBUCIÓN DO INVESTIMENTO				
		Adm. Central	Xunta	Deputación	Concello	Axentes urbanizadores
<b>SISTEMA XERAL</b>						
INFRAESTRUTURA VIARIA	10.839,47	(1)	10.025,19	682,07	132,20	
INFRAESTRUTURAS BÁSICAS	1.698,05		1.526,48	85,79	0,00	85,79
ESP. LIBRES E EQUIPAMENTOS	1.584,13		356,02	267,02	961,09	
<b>TOTAL SISTEMA XERAL</b>	<b>14.121,65</b>	<b>0,00</b>	<b>11.907,70</b>	<b>1.034,88</b>	<b>1.093,29</b>	<b>85,79</b>
<b>REURB E SISTEMA LOCAL</b>						
SISTEMA LOCAL VIARIO	298,45					298,45
ZONAS LIBRES E DOTACIÓNS	40,43				24,26	16,17
REURB. NÚCLEOS RURALES	384,04			190,87	153,61	39,56
<b>TOTAL SISTEMA LOCAL</b>	<b>722,92</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>190,87</b>	<b>177,87</b>	<b>354,18</b>
<b>NOVA URBANIZACIÓN</b>						
SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	1.303,13					1.303,13
<b>TOTAL NOVA URBANIZACIÓN</b>	<b>1.303,13</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>1.303,13</b>
<b>TOTAL INVESTIMENTO</b>	<b>16.147,70</b>	<b>0,00</b>	<b>11.907,70</b>	<b>1.225,74</b>	<b>1.271,16</b>	<b>1.743,09</b>

(1) En execución autovía transcantábrica (rematada 2014)

O investimento total necesario para a execución das actuacións previstas e priorizadas polo Plan Xeral ascende a 16.147.700 €, e require un investimento medio anual nos 8 anos de programación do Plan Xeral de 2.018.462 €.

A participación municipal no investimento total ascende a 1.271.160 € (o 7,87% do total), o que supón un investimento medio anual, nos 8 anos do período de programación de 158.896 €.

#### 6.3.4. Capacidade de financiamento do investimento municipal do plan

A capacidade de financiamento do investimento urbanístico municipal previsto no Plan Xeral relaciónase directamente coa capacidade de aforro orzamentario, tanto si se plantea a través do financiamento directo, como si se recorre á vía crediticia.

Polo tanto, teranse que establecer as previsións en relación á evolución esperada da facenda municipal e en especial respecto da evolución da capacidade de aforro da mesma, entendendo por tal, o diferencial entre ingresos e gastos por operacións correntes.

Realizadas as previsións, xustificárase a capacidade efectiva de financiamento dos recursos que se requiren para atender as previsións de investimento municipal para as actuacións establecidas como preferentes na estratexia de actuación do Plan, tendo en conta a carga financeira histórica asumida con anterioridade á entrada en vigor do Plan.

Para a estimación da posible evolución dos orzamentos municipais prodúcese una análise do sucedido nun período de 8 anos, idéntico ao de dous cuatrienios definido na estratexia do Plan Xeral, tomando como base os orzamentos aprobados dos anos 1999 e 2007 facilitados polo Concello. Da análise dos datos coñecidos, pódese concluír, que período analizado prodúcese un crecemento en termos cuantitativos, posto que o orzamento de ingresos do ano 2007 liquidouse cuns dereitos recoñecidos superiores nun 48% aos correspondentes ao ano 1999.

#### **EVOLUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE MONDOÑEDO. 1999 e 2007 (miles euros)**

	1999	2007
Ingresos euros	1.841,00	3.531,72
Ingresos euros 2009	2.519,37	3.735,15
Índice de crecemento	100	148

Para asentarmos un criterio sobre a evolución da facenda municipal para os efectos do financiamento do Plan debemos analizar a evolución dos seus recursos ordinarios de carácter corrente.

**EVOLUCIÓN DOS INGRESOS E GASTOS CORRENTES 1999 e 2007 (miles de euros)**

	1999	2007
Ingresos correntes	1.690,77	2.982,59
Gastos correntes	1.650,38	2.733,25
Ingresos correntes euros 2009	2.313,79	3.154,39
Índice de crecemento	100	136
Gastos correntes euros 2009	2.258,52	2.890,69
Índice de crecemento	100	128
INGRESOS CORRENTES 2009/ HABITANTES	450,24	671,00

**TAXAS DE CRECIMENTO DOS INGRESOS E GASTOS CORRENTES 1999-2007 (euros 2009)**

INGRESOS CORRENTES	
Taxa incremento anual medio en %	4,54
Taxa incremento anual acumulativo en %	3,95

GASTOS CORRENTES	
Taxa incremento anual medio en %	3,50
Taxa incremento anual acumulativo en %	3,13

A análise da evolución dos ingresos correntes en termos constantes amosa un incremento que acada un total do 36,3% no período analizado. A evolución dos gastos correntes amosa igualmente un incremento aínda que en menor cuantía acadando o 28%.

**EVOLUCIÓN DO AFORRO ORZAMENTAL 1999 e 2007 (euros 2009)**

	1999	2007
Ingresos correntes	2.313,79	3.154,39
Gastos correntes	2.258,52	2.890,69
AFORRO NETO ORZAMENTAL	55,27	263,70
AFORRO NETO/ INGESOS CORRENTES (%)	2,39	8,36

O aforro neto orzamental amosa un crecemento significativo nos anos analizados, representando no ano 2007 o 8,36 % dos ingresos correntes.

**EVOLUCIÓN GASTOS DERIVADOS DO ENDEBEDAMENTO 1999 e 2007 (euros 2009)**

	1999	2007
Intereses *	127,48	53,54
Amortización**	196,46	228,42
Carga financeira	323,95	281,97
Carga financeira/ingresos correntes	14,00	8,94

\* Gastos financeiros

\*\* Pasivos financeiros

A carga financeira tamén diminúe o seu peso no ano 2007, representando o 8,94% dos ingresos correntes.

Baseándose na evolución dos ingresos e gastos correntes, o cadro que proxecta a capacidade financeira prevista, elabórase baixo as seguintes hipóteses:

- 1) O crecemento dos ingresos correntes producirase ao ritmo dun 3,95% anual acumulativo.
- 2) O crecemento dos gastos correntes establécese nas taxas do 3,13% anual acumulativo.

A hipótese de crecemento dos ingresos ordinarios sitúase na taxa de crecemento anual acumulativo dos tributos municipais liquidados do período 1999-2007. Esta hipótese fía a evolución dos ingresos ordinarios na taxa que representou o esforzo fiscal propio habido no período estudado, nun municipio que en 2006 presentaba unha tributación municipal por habitante situada apenas no 25% da media dos municipios españois, da súa dimensión (ata 10.000 habitantes).

A hipótese de evolución dos gastos consuntivos parte igualmente do mantemento dunha taxa anual acumulativa de crecemento dos gastos correntes similar a do período 1999-2007. A prognose da súa evolución proxéctase a partir do estado do gasto consuntivo no exercicio 2007.

A carga financeira histórica (intereses e amortizacións) derivada dos créditos existentes con anterioridade, recollida na liquidación do orzamento de 2007, exprésase en euros 2009 e proxéctase ao longo do tempo coa hipótese dunha taxa de inflación anual tipo do 2%.

#### **EVOLUCIÓN PREVISTA DO AFORRO NETO RESULTANTE 2011-2018 (MILES DE EUROS 2009)**

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
INGRESOS ORDINARIOS	3.828,55	3.979,77	4.136,97	4.300,37	4.470,23	4.646,80	4.830,34	5.021,13
GASTOS CONSUNTIVOS	3.372,30	3.477,85	3.586,71	3.698,97	3.814,75	3.934,15	4.057,29	4.184,29
CARGA FINANCEIRA	254,88	249,78	244,79	239,89	235,09	230,39	225,78	221,27
AFORRO NETO	201,40	252,17	305,51	361,56	420,44	482,32	547,34	615,66

Fte.: Orzamentos municipais liquidados. Elaboración propia.

Do cadro anterior conclúese un aforro neto previsto de 3.186,41 miles de euros no período de oito anos ao que se refire a definición de prioridades de actuación do Plan Xeral.

O aforro neto municipal podería financiar por si as previsións preferentes do Plan Xeral asignadas ao Concello para os 8 anos, avaliadas en 1.271,16 miles de euros, coa aplicación do 39,9% do aforro neto esperado.

A presente hipótese non considera a utilización, prevista na Lei 9/2002, do Patrimonio Municipal de Solo para as finalidades de financiamento de actuacións urbanísticas en infraestruturas e dotacións públicas, nin o recurso ao creto. Opcións ambas que introducen máis folguras á cobertura dos custos do Plan asignados ao Concello.

O investimento medio anual previsto no Plan Xeral e comprometido nas actuacións previstas para os próximos oito anos, equivale aproximadamente ao 78% da media anual do esforzo inversor na última década, (destinado maioritariamente ao investimento urbanístico).

En conclusión, o investimento municipal previsto no Plan Xeral, móvese na escala do esforzo inversor dos pasados anos e encaixa con folgura na capacidade económica e financeira do Concello estimada sobre a base de hipóteses de previsión verosímiles, deixando á marxe do financiamento do Plan a totalidade dos recursos derivados do Patrimonio Municipal de Solo que xere o seu desenvolvemento e mesmo o recurso ao incremento do endebedamento.



### 6.3.5. O investimento doutras administracións públicas

- Administración Central.

No que corresponde á Administración Central as previsións de inversión do Plan Xeral refírense a viario de rango nacional consistente na Autovía Transcantábrica que se atopa en execución.

- Deputación Provincial.

A asignación de investimento á Administración Provincial céntrase nas actuacións previstas sobre o viario da súa titularidade, na cooperación nas melloras do viario e nas infraestruturas de abastecemento e saneamento de rango territorial e na mellora da urbanización dos núcleos rurais, así como na participación na execución do Parque do Castro e do Parque Lineal do Valiñadares. O investimento no seu conxunto ascende a 1.225,74 miles de euros.

Excluído o investimento en mellora do viario da súa titularidade, as restantes previsións de aportación provincial supoñen un monto de 675,87 miles de euros, que representa un investimento medio anual de 84.484 euros, o que resulta un investimento de 18,74 euros por habitante e ano. Sinalar que este importe móvese na orde da media do investimento levado a cabo pola Deputación provincial no municipio de Mondoñedo nos últimos catro anos mediante os PP.OO.SS. do período 2007-2010, segundo os datos facilitados polo Concello.

Polo tanto, a proposta de actuacións que o Plan asigna á Deputación Provincial resulta asumible dentro dos seus Plans e Programas.

- A Administración Autónoma.

O investimento previsto para a Administración Autónoma agrúpase nos sectores de rede viaria básica autonómica, infraestruturas básicas (de abastecemento e saneamento) e acondicionamento e obtención parcial dun espazo libre de singular interese e función (Parque do Castro), de conformidade cos seus ámbitos competenciais.

O investimento total acada 11.907,70 miles de euros, e rolda os 1.882,51 miles de euros se descontamos o investimento previsto no viario da súa titularidade, o que supón 235.310 euros de investimento anual, varios deles xa comprometidos no Plan Auga de Abastecemento de Galicia, desenvolto polo organismo público Augas de Galicia.

### 6.3.6. O investimento privado

A análise de viabilidade das propostas urbanísticas do Plan Xeral de iniciativa privada haberá de referirse á acomodación entre as cargas urbanísticas impostas polo planeamento e moi en particular os gastos de urbanización, e os beneficios que das actuacións se haberán de derivar por vía de apropiación dos aproveitamentos urbanísticos que o Plan confire.

As actuacións urbanísticas encomendadas polo Plan á iniciativa privada refírense basicamente ao desenvolvemento das áreas de reparto en solo urbano non consolidado que supoñen o 74,76% das aportacións previstas do sector privado ao Plan (adsritas a áreas de desenvolvemento), referíndose o resto ás aportacións dos propietarios beneficiarios das accións de reurbanización nos núcleos rurais ou no solo urbano, ben mediante contribucións especiais, ben mediante cumprimentación das condicións xerais para concesión de licencias en solo urbano.

Para establecer o grao de viabilidade das actuacións comprendidas nas áreas de solo urbano non consolidado analizouse a capacidade de absorción dos gastos de urbanización (aos que se engaden -de ser o caso- as indemnizacións) pola promoción. Para a súa análise exprésase en xeral o conxunto dos aproveitamentos susceptibles de apropiación en m<sup>2</sup> de uso característico vivenda colectiva. En tal suposto procedeuse a analizar o peso relativo dos gastos de urbanización sobre o prezo de venda da vivenda de protección oficial, incluíndo a parte proporcional de garaxe e trasteiro, considerando o 90% do aproveitamento das actuacións (o susceptible de apropiación) e ponderando os usos cos coeficientes que resultan do cálculo do aproveitamento tipo do Plan.

A repercusión dos gastos de urbanización das actuacións sobre o prezo medio en venda de vivenda é sempre inferior a un módulo de viabilidade do 10%; o valor medio sitúase no 4,08 %, con desviacións que acadan un valor máximo de 6,34% e mínimo do 2,05%. Esta situación é lóxica se consideramos a diversidade das actuacións: en xeral presentan un carácter intersticial e completador, pero algunhas delas dan lugar a procesos de urbanización máis complexos, aínda que a dispersión entre eles non resulta moi significativa.

**INVESTIMENTO PRIVADO EN SOLO URBANO NON CONSOLIDADO E A SÚA PONDERACIÓN**

<b>POLÍGONOS E PERIS EN SOLO URBANO NON CONSOLIDADO</b>	<b>SITUACIÓN</b>	<b>CUSTO TOTAL DE URBANIZACION (miles de euros)</b>	<b>90% APROVEITAMENTO USO VIVIENDA COLECTIVA (m<sup>2</sup>)</b>	<b>% CUSTO URBANIZACION/ PREZO MEDIO VIVIENDA COLECTIVA (1)</b>
P.2	Prolongación Rúa Vilalba	503,67	7.336,35	4,28
P.3	Rúa Alcántara	113,05	3.966,38	2,05
P.4	Cuarteirón Vilalba - Pumar	436,44	4.286,70	6,34
P.6	Esquina Bos Aires - Eladio Lorenzo	249,97	4.330,35	3,60

(1) Prezo medio de venda da vivenda colectiva protexida no ano 2010 para Mondoñedo, incluída parte proporcional de garaxe e trasteiro.



## 6.4. MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA

### 6.4.1. Viabilidade económica do plan xeral

Nos apartados anteriores de Estratexia de Actuación e Estudo Económico Financeiro do Plan Xeral, recóllese pormenorizadamente o custe da execución da ordenación establecida polo Plan para o termo municipal así como a estratexia de desenvolvemento.

Reprodúcese o resumo da avaliación económica e a xustificación da capacidade do concello para acometer as actuacións.

#### RESUMO DE AVALIACIÓN ECONÓMICA.

CONCEPTO	ORZAMENTO (MILES EUROS)	DISTRIBUCIÓN DO INVESTIMENTO				
		Adm. Central	Xunta	Deputación	Concello	Axentes urbanizadores
<b>SISTEMA XERAL</b>						
INFRAESTRUTURA VIARIA	10.839,47	(1)	10.025,19	682,07	132,20	
INFRAESTRUTURAS BÁSICAS	1.698,05		1.526,48	85,79	0,00	85,79
ESP. LIBRES E EQUIPAMENTOS	1.584,13		356,02	267,02	961,09	
<b>TOTAL SISTEMA XERAL</b>	<b>14.121,65</b>	<b>0,00</b>	<b>11.907,70</b>	<b>1.034,88</b>	<b>1.093,29</b>	<b>85,79</b>
<b>REURB E SISTEMA LOCAL</b>						
SISTEMA LOCAL VIARIO	298,45					298,45
ZONAS LIBRES E DOTACIÓNS	40,43				24,26	16,17
REURB. NÚCLEOS RURALES	384,04			190,87	153,61	39,56
<b>TOTAL SISTEMA LOCAL</b>	<b>722,92</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>190,87</b>	<b>177,87</b>	<b>354,18</b>
<b>NOVA URBANIZACIÓN</b>						
SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	1.303,13					1.303,13
<b>TOTAL NOVA URBANIZACIÓN</b>	<b>1.303,13</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>1.303,13</b>
<b>TOTAL INVESTIMENTO</b>	<b>16.147,70</b>	<b>0,00</b>	<b>11.907,70</b>	<b>1.225,74</b>	<b>1.271,16</b>	<b>1.743,09</b>

(1) En execución autovía transcantábrica (rematada 2014).

O investimento total necesario para a execución das actuacións previstas e priorizadas polo Plan Xeral ascende a 16.147.700 €, e require un investimento medio anual nos 8 anos de programación do Plan Xeral de 2.018.462 €.

A participación municipal no investimento total ascende a 1.271.160 € (o 7,87% do total), o que supón un investimento medio anual, nos 8 anos do período de programación de 158.896 €.

#### 6.4.2. Capacidade de financiamento do investimento municipal do plan

A capacidade de financiamento do investimento urbanístico municipal previsto no Plan Xeral relaciónase directamente coa capacidade de aforro orzamentario, tanto si se plantea a través do financiamento directo, como si se recorre á vía crediticia.

Polo tanto, teranse que establecer as previsións en relación á evolución esperada da facenda municipal e en especial respecto da evolución da capacidade de aforro da mesma, entendendo por tal, o diferencial entre ingresos e gastos por operacións correntes.

Realizadas as previsións, xustificárase a capacidade efectiva de financiamento dos recursos que se requiren para atender as previsións de investimento municipal para as actuacións establecidas como preferentes na estratexia de actuación do Plan, tendo en conta a carga financeira histórica asumida con anterioridade á entrada en vigor do Plan.

Para a estimación da posible evolución dos orzamentos municipais prodúcese una análise do sucedido nun período de 8 anos, idéntico ao de dous cuadrienios definido na estratexia do Plan Xeral, tomando como base os orzamentos aprobados dos anos 1999 e 2007 facilitados polo Concello. Da análise dos datos coñecidos, pódese concluír, que período analizado prodúcese un crecemento en termos cuantitativos, posto que o orzamento de ingresos do ano 2007 liquidouse cuns dereitos recoñecidos superiores nun 48% aos correspondentes ao ano 1999.

#### **EVOLUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE MONDOÑEDO. 1999 e 2007 (miles euros)**

	1999	2007
Ingresos euros	1.841,00	3.531,72
Ingresos euros 2009	2.519,37	3.735,15
Índice de crecemento	100	148

Para asentar un criterio sobre a evolución da facenda municipal para os efectos do financiamento do Plan debemos analizar a evolución dos seus recursos ordinarios de carácter corrente.

**EVOLUCIÓN DOS INGRESOS E GASTOS CORRENTES 1999 e 2007 (miles de euros)**

	1999	2007
Ingresos correntes	1.690,77	2.982,59
Gastos correntes	1.650,38	2.733,25
Ingresos correntes euros 2009	2.313,79	3.154,39
Índice de crecemento	100	136
Gastos correntes euros 2009	2.258,52	2.890,69
Índice de crecemento	100	128
INGRESOS 2009/ HABITANTES	490,25	794,54
INGRESOS CORRENTES 2009/ HABITANTES	450,24	671,00

**TAXAS DE CRECEMENTO DOS INGRESOS E GASTOS CORRENTES 1999-2007 (euros 2009)**

INGRESOS CORRENTES	
Taxa incremento anual medio en %	4,54
Taxa incremento anual acumulativo en %	3,95

GASTOS CORRENTES	
Taxa incremento anual medio en %	3,50
Taxa incremento anual acumulativo en %	3,13

A análise da evolución dos ingresos correntes en termos constantes amosa un incremento que acadada un total do 36,3% no período analizado. A evolución dos gastos correntes amosa igualmente un incremento aínda que en menor cuantía acadando o 28%.

**EVOLUCIÓN DO AFORRO ORZAMENTAL 1999 e 2007 (euros 2009)**

	1999	2007
Ingresos correntes	2.313,79	3.154,39
Gastos correntes	2.258,52	2.890,69
AFORRO NETO ORZAMENTAL	55,27	263,70
AFORRO NETO/ INGRESOS CORRENTES (%)	2,39	8,36

O aforro neto orzamental amosa un crecemento significativo nos anos analizados, representando no ano 2007 o 8,36 % dos ingresos correntes.

**EVOLUCIÓN GASTOS DERIVADOS DO ENDEBEDAMENTO 1999 e 2007 (euros 2009)**

	1999	2007
Intereses *	127,48	53,54
Amortización**	196,46	228,42
Carga financeira	323,95	281,97
Carga financeira/ingresos correntes	14,00	8,94

\*Gastos financeiros

\*\* Pasivos financeiros

A carga financeira tamén diminúe o seu peso no ano 2007, representando o 8,94% dos ingresos correntes.

Baseándose na evolución dos ingresos e gastos correntes, o cadro que proxecta a capacidade financeira prevista, elabórase baixo as seguintes hipóteses:

- 1) O crecemento dos ingresos correntes producirase ao ritmo dun 3,95% anual acumulativo.
- 2) O crecemento dos gastos correntes establécese nas taxas do 3,13% anual acumulativo.

A hipótese de crecemento dos ingresos ordinarios sitúase na taxa de crecemento anual acumulativo dos tributos municipais liquidados do período 1999-2007. Esta hipótese fía a evolución dos ingresos ordinarios na taxa que representou o esforzo fiscal propio habido no período estudado, nun municipio que en 2006 presentaba unha tributación municipal por habitante situada apenas no 25% da media dos municipios españois, da súa dimensión (entre 5.000 e 10.000 habitantes).

A hipótese de evolución dos gastos consuntivos parte igualmente do mantemento dunha taxa anual acumulativa de crecemento dos gastos correntes similar a do período 1999-2007. A prognose da súa evolución proxéctase a partir do estado do gasto consuntivo no exercicio 2007.

A carga financeira histórica (intereses e amortizacións) derivada dos créditos existentes con anterioridade, recollida na liquidación do orzamento de 2007, exprésase en euros 2009 e proxéctase ao longo do tempo coa hipótese dunha taxa de inflación anual tipo do 2%.

**EVOLUCIÓN PREVISTA DO AFORRO NETO RESULTANTE 2011-2018 (MILES DE EUROS 2009)**

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
INGRESOS ORDINARIOS	3.828,55	3.979,77	4.136,97	4.300,37	4.470,23	4.646,80	4.830,34	5.021,13
GASTOS CONSUNTIVOS	3.372,30	3.477,85	3.586,71	3.698,97	3.814,75	3.934,15	4.057,29	4.184,29
CARGA FINANCEIRA	254,88	249,78	244,79	239,89	235,09	230,39	225,78	221,27
AFORRO NETO	201,40	252,17	305,51	361,56	420,44	482,32	547,34	615,66

Fte.: Orzamentos municipais liquidados. Elaboración propia.

Do cadro anterior conclúese un aforro neto previsto de 3.186,41 miles de euros no período de oito anos ao que se refire a definición de prioridades de actuación do Plan Xeral.



O aforro neto municipal podería financiar por si as previsións preferentes do Plan Xeral asignadas ao Concello para os 8 anos, avaliadas en 1.271,16 miles de euros, coa aplicación do 39,9% do aforro neto esperado.

A presente hipótese non considera a utilización, prevista na Lei 9/2002, do Patrimonio Municipal de Solo para as finalidades de financiamento de actuacións urbanísticas en infraestruturas e dotacións públicas, nin o recurso ao creto. Opcións ambas que introducen máis folguras á cobertura dos custos do Plan asignados ao Concello.

O investimento medio anual previsto no Plan Xeral e comprometido nas actuacións previstas para os próximos oito anos, equivale aproximadamente ao 78% da media anual do esforzo inversor na última década, (destinado maioritariamente ao investimento urbanístico).

En conclusión, o investimento municipal previsto no Plan Xeral, móvese na escala do esforzo inversor dos pasados anos e encaixa con folgura na capacidade económica e financeira do Concello estimada sobre a base de hipóteses de previsión verosímiles, deixando á marxe do financiamento do Plan a totalidade dos recursos derivados do Patrimonio Municipal de Solo que xere o seu desenvolvemento e mesmo o recurso ao incremento do endebedamento.

#### 6.4.3. Impacto das propostas do plan nas facendas públicas polo mantemento das novas infraestruturas que conlevan as áreas de nova urbanización.

Segundo o establecido na Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, no RD 2/2008, de 20 de xuño, de “Texto Refundido de la Ley de suelo”, e no artigo 61 da Lei 9/2002 modificada pola Lei 2/2010, os instrumentos de ordenación das actuacións de urbanización deben incluír un informe ou memoria de sustentabilidade económica no que se ponderará en particular o impacto das actuacións sobre as Facendas Públicas afectadas pola implantación e mantemento das infraestruturas necesarias ou a posta en marcha e a prestación dos servizos resultantes.

En consecuencia compre avaliar o custo que supón a execución das propostas que se programan do Plan no que se refire a ámbitos nos que se xera nova urbanización. Así os ámbitos de solo urbano non consolidado, así como a execución de novas zonas verdes, son os que supoñen un incremento do espazo público e novas infraestruturas que supoñen incrementar os custes de mantemento. Avaliáse por tanto o mantemento para estas novas áreas, toda vez que o custe de execución xa foi avaliado e xustificado no apartado anterior.

En primeiro lugar hai que indicar que o mantemento dos servizos infraestruturais de abastecemento de auga, saneamento, depuración, recollida de lixo e reciclaxe, gas, rede eléctrica e telecomunicacións, fináncianse con taxas que se rexen polo principio de cubrir a totalidade dos custes do servizo prestado. Estes servizos son administrados por empresas privadas ou por empresas concesionarias, e polo tanto non xeran custos á administración, posto que son sufragados polos usuarios finais.

Si producen custes de mantemento sobre a administración municipal os novos espazos públicos e os viais, tanto no que corresponde a obras de mantemento habitual -rega, mobiliario, limpeza- coma en actuacións excepcionais de reparación ou reposición de elementos danados.

Para viario estímase que o custe de mantemento rolda o 2% do custe de execución, por ano. Hai que sinalar que este custe de mantemento é o habitual en viais que xa levan feitos uns anos, posto que nos primeiros anos non se producen desperfectos que obriguen a unha reparación, só xerándose gastos pola limpeza.

Para o mantemento de zonas verdes e espazos libres, incluíndo o seu mobiliario, o módulo que se estima para o seu mantemento varía en función do seu carácter. Así as zonas verdes de carácter extensivo e os grandes parques, xeran uns gastos que roldan

0,25 euros por metro cadrado e ano. Para as prazas públicas intensivas de tipo urbano os gastos acadan arredor de 1 euros por metro cadrado e ano.

O alumbrado supón un custe significativo independente dentro do capítulo de gastos de mantemento, acadando un módulo que rolda 0,10 euros por metro cadrado e ano para as zonas verdes e ao redor de 0,15 euros por metro cadrado e ano para os viais. Este módulo inclúe tanto o gasto enerxético como o mantemento de farolas e intercambio de lámpadas.

Con estes módulos podemos avaliar os custes de mantemento das instalacións e servizos que supoñen un cargo directo para a facenda municipal. Facemos a estimación para as actuacións que o Plan Xeral considera preferentes e por tanto as inclúe na súa estratexia. Aclarar que os dous cuadrienios definidos polo Plan convértense en tres para a definitiva execución da urbanización dos solos urbanos non consolidados do 2º cuadrenio.

#### **CUSTOS MANTEMENTO NOVA URBANIZACIÓN DO PLAN XERAL DE MONDOÑEDO**

	m <sup>2</sup>	custo exec. material	mantemento	iluminación	TOTAL
viario en áreas de nova urbanización e aperturas en solo urbano programa	9.820	1.110.151	22.203,02	1.473,00	23.676,02
zonas verdes intensivas (sistema local)	21.512		21.512,00	2.151,20	23.663,20
zonas verdes extensivas( sistema xeral)	68.882		17.220,50	0,00	17.220,50
<b>TOTAL</b>			60.935,52	3.624,20	<b>64.559,72</b>

O total dos custos de mantemento cando estea toda a nova urbanización executada, acada 64.559,72 euros ano, transcorridos oito anos tras a aprobación do Plan.

Estes custos de mantemento para o ano 2023 representan o 2,18% dos ingresos ordinarios municipais estimados para dito ano baixo as hipóteses de evolución esperada da facenda municipal indicadas na análise xustificativa da capacidade municipal de financiamento do Plan que se presentou con anterioridade, unha porcentaxe moi moderada en termos financeiros que equivale a penas ao 6,59% do incremento esperado dos ingresos ordinarios municipais no horizonte dodecenal tras a entrada en vigor do Plan.

En relación aos gastos consuntivos municipais, os gastos de mantemento xerados pola nova urbanización representan a penas o 2,42% dos previstos para o ano de conclusión do conxunto das obras (2023).

En conclusión, como corresponde coa previsión de desenvolvemento urbano establecida no Plan Xeral, os custos de mantemento dos servizos xerados pola nova urbanización acompañan tamén de modo axustado o proceso de crecemento dos recursos municipais previsible en taxas similares ás do período de oito anos analizado. Co que a dinámica ordinaria de evolución da facenda local terá capacidade para afrontar o mantemento dunha nova urbanización que presenta un tamaño pequeno, e vai permitir mellorar por posición a redotación do territorio de Mondoñedo e colaborar no reforzo da estrutura urbana da súa Cidade, como nodo para o reequilibrio do territorio.